

**ANEXO VII**

**NORMATIVA  
DO PLAN ESPECIAL**

Este documento forma parte do expediente n.º

**e - 590 / 406 -**

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, - 3 JUN 1997

O SECRETARIO DE PREVENCIÓN,

Asda.: Fco. Javier García Martínez

## CONTIDO

### I.

#### NORMAS PARA A REGULACIÓN DE USOS E ACTIVIDADES NA ÁREA DE PROTECCIÓN

##### I.I. NORMAS XERAIS.

##### I.II. NORMAS PARTICULARES

- I.II.A. zonas de interese natural
- I.II.B. zonas de aptitude recreativa
- I.II.C. zonas de ribeiras e marxes


### II.

#### NORMAS PARA A REGULACIÓN DE USOS E ACTIVIDADES NA ÁREA DE AMORTECEMENTO

##### II.I. NORMAS XERAIS

##### II.II. NORMAS PARTICULARES

- II.II.A. espacio industrial
- II.II.B. espacio residencial
- II.II.C. espacio rural



## I. Normas para a regulación de usos e actividades na Área de Protección.

### I.I Normas Xerais

#### a. Usos e actividades de conservación e mellora ambiental

- Fomentárase a recuperación ou reintrodución de especies animais e vexetais características do ecosistema de ribeira, e en especial a conservación e rexeneración do bosque de ribeira mediante a revexetación con especies autóctonas.
- Promoveranse as accións necesarias para que os exemplares das especies a utilizar nos traballos de mellora ambiental sexan orixinais das ribeiras do Lagares ou do Val Frago. As especies arbóreas e arbustivas a utilizar nos traballos de mellora ambiental son as recollidas no Programa de Revexetación.
- Promoverase a eliminación de muros de contención das ribeiras en contacto co cauce e que non formen parte das edificacións, sempre que exista espazo suficiente para a rexeneración das ribeiras e que non supoñan perigos para a seguridade de persoas ou bens en épocas de chea. Esta actuación levaríase a cabo con prioridade nas zonas de ocupación industrial.
- Promoveranse as actividades de conservación e fomento da riqueza piscícola, tanto no relativo á mellora de hábitats como á repoboación de especies piscícolas.
- Non se permite a recolección de material biolóxico salvo naqueles casos que se autorize por motivos de manexo de poboacións ou ben aqueles traballos de recolección ou tratamentos culturais relacionados co aproveitamento agrario tradicional.
- Non se permite a introdución de especies animais e vexetais, e en especial as exóticas susceptibles de asilvestrarse.

Este documento forma parte do expediente n.º

E - 590 / 405 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

#### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Promoverase o uso de paseos ou sendeiros para o disfrute público do espazo de ribeira longo de todo o río sempre que o seu trazado ou características constructivas non alteren os valores naturais do espazo de ribeira. Os materiais e características constructivas especificaranse nas Normas Particulares.
- Promoverase a creación de hábitats e a adecuación dos xa existentes para o desenvolvemento de actividades educativas e didácticas sobre o medio natural.
- Promoverase a adecuación de espazos de recreo estruturado cos habituais equipamentos dos parques públicos sempre que manteñan a personalidade natural do espazo de ribeira e se ubiquen nas zonas especificadas nas Normas Particulares.
- Os espazos verdes de titularidade privada e as zonas recreativas existentes na Área de Protección non poderán utilizar para rego os recursos hídricos vencellados ao río, tanto no relativo as augas superficiais como ás subterráneas.

Vigo,

3 JUL 1987

O SECRETARIO DE AGENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

E-590/4053

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo,

- 3 JUL 1997<sup>2</sup>

O SECRETARIO XERARRENCIA,

ASDO.: PEO. JAVIER GARCIA MARTINEZ

**c. Usos e actividades de carácter productivo primario**

- Só se permitirán aquelas actividades e aproveitamentos agrícolas de carácter tradicional que se veñen realizando no ámbito da *Zona de Protección* coas limitacións que se recollen nas *Normas Particulares*.
- Permítese o aproveitamento agrícola nas marxes do río Lagares, sendo fomentada a súa utilización como recurso educativo e como instrumento de rexeneración natural da flora.
- O uso de produtos fitosanitarios e adubos non orgánicos terá un carácter restrictivo.
- Non se permitirá o aproveitamento forestal do bosque de ribeira, salvo aqueles traballos culturais relacionados co aproveitamento tradicional agrícola.
- Os espazos forestais de especies de crecemento rápido deberán orientarse cara ao establecemento de masas forestais de carácter protector. En concreto, non se permitirán as novas plantacións de eucaliptos e recoméndase que as repoboacións se realicen con especies autóctonas, preferentemente procedentes do viveiro de especies a instalar para os traballos de mellora ambiental.
- Prohíbese a instalación de novos invernadeiros ou viveiros, exceptuando aqueles relacionados cos traballos de mellora ambiental do corredor natural.

**d. Usos e actividades de carácter urbanístico**

- No que se refire ás zonas de Solo Urbano e Urbanizable Programado (entre elas a U.E. II-05 e U.E. II-06), quedarán garantidos os dereitos dos propietarios do solo ao aproveitamento derivado do Plan Xeral, aproveitamento que se materializará dalgún dos xeitos e polos sistemas establecidos tanto na lexislación urbanística, como nas Normas Urbanísticas do Plan Xeral, entre os que se cita explicitamente o mecanismo de transferencias de aproveitamento mediante a delimitación de unidades de execución de ámbito discontinuo.
- Prohíbense as edificacións de nova pranta destinadas a uso residencial ou industrial, permitíndose só aquelas de utilidade pública ou interese social relacionadas cos obxectivos do PERCNL.
- As obras de mantemento que se poden realizar son aquelas que non afectan á estrutura, tabiquerías interiores e instalacións básicas do edificio, como cambio de carpinterías, pequenas reparacións nas instalacións ou enlucidos e pintados exteriores.
- As obras de reforma que se poden realizar son aquelas que sen variar o volume edificado, afectan á estrutura formal interna e constructiva da edificación, como cambios de cuberta sen variación da súa pendente orixinal, cambios, reforzo e reparacións de cimentacións, forxados e tabiquerías interiores en ruína ou construción e reparacións e substitucións nas instalacións de electricidade, fontanería e saneamento.
- Permitirase a realización de obras de mantemento e reforma sempre que se respeten as prescricións sobre materiais e métodos constructivos que se recollen nas *Normativas Particulares* de cada unha das zonas que establece o PERCNL para a *Área de Protección*.
- Promoveranse os traballos de restauración ou rehabilitación do patrimonio construído existente nesta área.
- Os Proxectos e Documentos necesarios para as diferentes obras, serán os determinados nos mesmos supostos polo PXOU.

- Só se permitirán os movementos de terras para aquelas obras relacionadas cos obxectivos da rexeneración, e en especial as de corrección de noiros, creación de hábitats ou acondicionamento de terreo para traballos de plantación.
- No procedemento de autorizacións e licencias de obras ou actividades dentro do ámbito da *Área de Protección* deberá incluír un informe do *Departamento de Patrimonio Histórico e Medio Ambiente* do Concello de Vigo.

Este documento forma parte do expediente n.º

E-590/405-

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

**e. Usos e actividades de carácter industrial**

- Quedan prohibidas todo tipo de actividades industriais na *totalidade do ámbito da Área de Protección*
- Quedan excluídas desta prohibición as actividades artesanais relacionadas coa explotación dos muíños.

O SECRETARIO DE INFORMACIÓN

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos**

- Só se poderán construír novos equipamentos sempre que estes estean relacionados con usos recreativos ou educativos, como parques, áreas de descanso ou observatorios ornitolóxicos. As características e localización destes equipamentos recóllense nas *Normas Particulares*.
- Conservarase e protexerase a rede tradicional de camiños existente nas ribeiras do río, entendéndoseas como parte do patrimonio cultural. Asemade, fomentarase a conservación de lindes naturais, valados ou cerramentos tradicionais da paisaxe rural.
- As sendas de nova creación serán de tratamento brando, adaptándose á orografía do terreo e quedando prohibido o uso de materiais continuos, exceptuando aqueles casos específicos recollidos na *Normas Particulares*.
- Nos camiños, sendeiros ou áreas de descanso que se dispoñan no corredor natural, non se permitirá a instalación de papeleiras, exceptuando os casos puntuais que se contemplan nas *Normas Particulares*.
- A *Área de Protección* contará cun modelo de sinalización cunha tipoloxía formal homoxénea para todas as zonas, prohibíndose a instalación de carteis de propaganda e outros elementos semellantes, que rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren as perspectivas, a excepción daqueles carteis relacionados coa información das obras de mellora ambiental do corredor natural.
- As zonas da *Área de Protección*, a excepción das *Zonas de Interese Natural*, poderán contar cun sistema de luminarias que se adaptarán ás características de cada zona.
- Os proxectos de carácter infraestructural ou de equipamentos, incluídos os existentes nas *Áreas de Protección*, non poderán interferir cos obxectivos de protección do PERCNL, debendo ser supervisados polo *Departamento de Patrimonio Histórico e Medio Ambiente*, que emitirá informe preceptivo.
- As infraestructuras que, por mor do seu interese público, poidan afectar aos valores naturais da *Área de Protección*, deberán contar cun proxecto de medidas correctoras sobre o que emitirá informe preceptivo o *Departamento de Patrimonio Histórico e Medio Ambiente*.

## I.II Normas Particulares

### I.II.A Zonas de Interese Natural.



#### a. Usos e actividades de conservación e mellora ambiental

- Respecto á conservación e mellora do medio natural rexerán nas *Zonas de Interese Natural* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

#### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Promoverase a creación de hábitats e a adecuación dos xa existentes para o desenvolvemento de actividades educativas e didácticas sobre o medio natural.
- Queda prohibida a utilización das ZIN para actividades específicas non relacionadas coa vocación do espacio natural.

#### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Respecto ás actividades de carácter productivo primario rexerán nas *Zonas de Interese Natural* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

Este documento forma parte do expediente n.º  
E - 590 / 405 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 de Novembro de 2007  
O SECRETARIO DE PREVENCIÓN DE RISCOS

#### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Só se poderán levar a cabo obras de rehabilitación, ben sexan de mantemento ou de reforma, que estean relacionadas cos traballos de mellora ambiental do corredor natural.
- Quedan totalmente prohibidas as obras de construción de nova planta.
- Nas obras de rehabilitación das edificacións existentes estará prohibido:
  - . O aumento do volume edificado existente, así como cambios da pendente das cubertas.
  - . O levantamento dos revocos tradicionais, así como o enfoscado dos muros de sillería de pedra.
  - . Instalación de canalóns de PVC ou material plástico.
- Os métodos constructivos utilizados serán preferentemente os tradicionais, con solucións constructivas que garantan o cumprimento das Normas Tecnolóxicas correspondentes, sendo os materiais que ao rematar as obras queden ao descuberto os seguintes: madeira, pedra, vidro, aceiro, tella curva do país e cobre, ou calquera outro material necesario sempre que se garanta a súa integración no contorno.

Asdo.: Ecol. Javier García Martínez

#### e. Usos e actividades de carácter industrial


- Respecto ás actividades de carácter industrial rexerán nas *Zonas de Interese Natural* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

#### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Quedará totalmente prohibida a creación de espazos de recreo estruturado caracterizados por mobiliario urbano como xogos infantís, bancos, papeléiras, fontes, luminarias ou outros

elementos decorativos dentro dos límites das *Zonas de Interese Natural*.

- Só se permitirá, con carácter excepcional, a instalación de equipamentos relativos a usos recreativos de carácter pasivo, como bancos en áreas de descanso; relativos a usos informativos e didácticos, como sinalizacións ou observatorios ornitolóxicos; ou ben relacionados co fomento das actividades piscícolas, como refuxios de pescadores.
- As intervencións a realizar dentro dos camiños xa existentes serán tan só de consolidación e mantemento das texturas orixinais, quedando totalmente prohibida a creación de novos camiños que supoñan unha transformación da orografía do terreo e transformación descontextualizada da paisaxe natural.
- As sendas de nova creación serán de tratamento brando, que se realizará adaptándose á orografía do terreo, quedando prohibidos os movementos de terras e o uso de materiais continuos como pavimentos cerámicos, losetas ou enlousados de pedra. Permítese tan só as texturas naturais como xabre ou plataformas de madeira, podéndose construír pontellas de madeira ou pasais de pedra, para o cruce peatonal do río.
- Poderanse facer aquelas obras de mantemento consistentes na posta en funcionamento ou reparación de canles de auga para o funcionamento de muíños e regos, así como das instalacións xa existentes.
- Quedan totalmente prohibidas as instalacións non tradicionais a ceo aberto, así como os tendidos eléctricos aéreos, tanto internos das Z.I.N., como o paso por elas de todo tipo de instalacións de servizo a outras áreas.



Este documento forma parte do expediente n.º

5 - 590 / 405 B

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, - 3 - 1997

O SECRETARIO DE VEREANCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez



## I.II.B. Zonas de Aptitude Recreativa

### a. Usos e actividades de conservación e mellora ambiental

- Nos traballos de plantación nas *Zonas de Aptitude Recreativa* poderán utilizarse ata un 20% de exemplares non incluídos no listado de especies do *Programa de Revexetación* do PRCNL.

### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Promoverase o uso das ZAR como zona recreativa dotada dos **equipamentos característicos** dos espazos de recreo estruturado.

... expediente n.º  
- 690/405 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Respecto aos usos e actividades de carácter productivo primario rexerán nas *Zonas de Aptitude Recreativa* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia, aínda que non se permita o uso a promover nestes espazos.

Vigo, 3 de xuño de 1997

Asd. : For. Javier García Martínez

### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Poderanse realizar obras de mantemento ou reforma, así como a construción dos volumes correspondentes ás edificabilidades respectivas adxudicadas no PXOU, sempre que o seu uso estea relacionado co desenvolvemento do PRCNL e a propiedade sexa pública, ben municipal ou ben veciñal, e o carácter formal do edificio se integre no entorno.
- As obras de demolición necesarias para levar a cabo o desenvolvemento das ZAR ateranse ao lexislado no PXOU, en canto aos documentos necesarios e ao seu trámite correspondente.
- Permitiranse os movementos de terras enfocados cara a adaptación do terreo para a construción de sendas ou a instalación de infraestruturas recreativas, sempre que non varíen sustancialmente a configuración da paisaxe ou topografía orixinal.
- O uso dos viais internos será preferentemente peatonal, salvo casos de obrigada necesidade onde se permitirán, con determinadas restricións, as circulacións rodadas.
- Os pavimentos para o tránsito rodado serán de adoquinado granítico de pezas pequenas con céspede nas súas chagas; para o tránsito peatonal poderán ser duros (enlousado pétreo) ou brandos (xabre, entablonados de madeira).


### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Respecto ás actividades de carácter industrial rexerán nas *Zona de Aptitude Recreativa* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Promoverase nas ZAR a creación de espazos de recreo estruturado, sempre que estes respeten a personalidade natural da paisaxe fluvial.





## I.II.C. Zonas de Ribeiras e Marxes.

### a. Conservación e mellora do medio natural

- Respecto á conservación e mellora do medio natural rexerá nas *Zonas de Ribeiras e Marxes* a normativa xeral das *Áreas de Protección* nesta materia.

Este documento forma parte do expediente n.º

### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Respecto aos usos e actividades de carácter educativo e recreativo, rexerán nas *Zonas de Ribeiras e Marxes* as *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

[ - 590 / 405 - ]  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

SECRETARÍA DE ALCALDÍA

### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Respecto aos usos e actividades de carácter primario rexerán nas *Zonas de Ribeiras e Marxes* a *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Respecto aos usos e actividades de carácter urbanístico rexerán nas *Zonas de Ribeiras e Marxes* a *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Respecto aos usos e actividades de carácter industrial rexerá nas *Zonas de Ribeiras e Marxes* a *Normas Xerais das Áreas de Protección* nesta materia.

### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Quedará totalmente prohibida a creación de espazos de recreo estruturado caracterizados por mobiliario urbano como xogos infantís, bancos, papeleiras, fontes, luminarias ou outros elementos decorativos dentro dos límites das *Zonas de Ribeiras e Marxes*.
- Só se permitirá, con carácter excepcional, a instalación de equipamentos relativos a usos recreativos de carácter pasivo, como bancos en áreas de descanso; relativos a usos informativos e didácticos, como sinalizacións ou observatorios ornitolóxicos; ou ben relacionados co fomento das actividades piscícolas, como refuxios de pescadores.
- As intervencións a realizar dentro dos camiños xa existentes serán tan só de consolidación e mantemento das texturas orixinais, quedando totalmente prohibida a creación de novos camiños que supoñan unha transformación da orografía do terreo e transformación descontextualizada da paisaxe natural.
- As sendas de nova creación serán de tratamento brando, que se realizará adaptándose á orografía do terreo, quedando prohibidos os movementos de terras, permitíndose tan só as texturas naturais, como xabre ou plataformas de madeira e podéndose construír pontellas de madeira ou pasais de pedra, para o cruce peatonal do río.

- Con carácter excepcional poderase autorizar o uso de materiais como pavimentos cerámicos, losetas ou enlousados de pedra, sempre que a súa disposición non sexa continua.
- Poderanse facer aquelas obras de mantemento consistentes na posta en funcionamento ou reparación de canles de auga para o funcionamento de muíños e regos, así como das instalacións xa existentes.
- Só se permitirán as obras de nova creación necesarias para recuperar o funcionamento dos muíños existentes, así como as de instalacións eléctricas e de fontanería, para iluminación ou rego das infraestruturas relacionadas cos obxectivos de rexeneración.

CONCELLO DE VIGO  
Aprobado inicialmente  
Pleno 20 DE JUNIO 1997

Expediente n.º  
2-590/405  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo.


- 3

11 1997

SECRETARÍA DE FIDUCIENCIA

Asesorado: Javier García Martínez

## II. Normas para a regulación se usos e actividades da Área de Amortecemento



### II.I Normas Xerais

#### a. Conservación e mellora do medio natural

- Os cerramentos das parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do río, constarán obrigatoriamente dunha pantalla vexetal. As especies de árbores ou arbustos a empregar recóllese nas *Normas Particulares*.
- Promoverase a implantación de sebes arbóreas ou arbustivas nas beiras dos camiños das Áreas de Amortecemento, sempre que non afecten á seguridade viaria.
- Promoverase a creación de zonas verdes, recolléndose nas *Normas Particulares* a súa localización e características.

#### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Os usos e actividades de carácter recreativo non estarán sometidos á regulación das *Áreas de Amortecemento*.

#### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Respecto aos usos e actividades de carácter productivo primario rexerán nas *Áreas de Amortecemento* as *Normas Particulares* dos diferentes espazos desta área.

#### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Os cerramentos das parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do río, deberán acompañarse dunha pantalla vexetal. O emprego de muros de fábrica, os seus materiais, tratamento ou alturas regúlanse nas *Normas Particulares*.

#### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Prohibirase o almacenamento a ceo aberto de materiais de refugo así como a construción de instalacións que poideran producir malos olores, fumos, etc.

#### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Respecto aos usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos rexerán nas *Áreas de Amortecemento* as *Normas Particulares* dos diferentes espazos desta área.


Este documento forma parte do expediente n.º  
590 / 4053  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

O SECRETARIO DE DEFERENCIA,

Asdo.: Edo. Javier García Martínez

## II.II. Normas particulares

### II.II.A. Espacio Industrial



#### a. Conservación e mellora do medio natural

- As pantallas vexetais dos cerramentos das parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do río, estarán maioritariamente formadas polas especies recollidas no Programa de Revexetación, non podendo ser o número de exemplares destas especies inferior ao 50% do total.
- No 25% como mínimo da superficie entre as instalacións industriais e o límite da *Área de Protección* crearanse zonas verdes nas que o 75% dos exemplares pertencen ás recollidas no Programa de Revexetación.

Este documento forma parte do expediente n.º

4 - 590 / 405 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

#### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Respecto aos usos e actividades de carácter educativo e recreativo rexerán nos *Espacios Industriais* a normativa xeral das *Áreas de Amortecemento* nesta materia.

Viso  
O SECRETARIO DA ALCALDIA

#### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

- Nos *Espacios Industriais*, os usos de carácter productivo primario non están sometidos a regulación nesta normativa.

#### d. Usos e actividades de carácter urbanístico


- Para os cerramentos das parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do río, deberán acompañarse dunha pantalla vexetal, recomendándose o emprego de muros de fábrica de pedra de calquera clase, tratamento, textura ou aparello, prohibíndose o uso como vistos de materiais fabricados para ser revestidos. A súa altura non poderá sobrepasar 1,5 m se son macizos, ou 2 m se son permeables.
- No *Espacio Industrial Directo* recoméndase que os alzados posteriores das edificacións existentes, así como as de nova construción, se abran cara o río con fachadas con concepto de alzado principal e non de traseiras, entendendo o río como un entorno de gran fraxilidade no que haberá un especial interese na composición das mesmas, tanto formal como constructivamente, no uso dos materiais.
- No *Espacio Industrial Indirecto* o desenvolvemento dos instrumentos de Planeamento Secundario contemplarán a fachada cara ao río como unha fachada principal no seu tratamento conceptual e formal.

#### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Respecto aos usos e actividades de carácter industrial rexerán as ordenanzas do PXOU relativas a solo urbano de carácter industrial.

*f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos*

- No *Espacio Industrial Directo* os accesos dos vehículos ás instalacións industriais, realizaranse sempre a través do fronte e fachadas, quedando prohibidas as tipoloxías edificatorias que propoñan accesos secundarios a través das áreas da parcela en contacto co ámbito de protección do río.
- No *Espacio Industrial Indirecto* os instrumentos de Planeamento Secundario contemplarán o establecemento dunhas ordenanzas que partan da base da necesidade da compatibilización do uso industrial que complementa á realidade funcional do río, establecendo:
  - A liberalización de tensións no entorno do río, na utilización dos sistemas viarios.
  - Uso dos viais principais como delimitadores do ámbito de protección, ubicados como mínimo a 10 m da marxe do río.
  - Prohibición da creación de viais de acceso posterior ás instalacións industriais, cando os elementos delimitadores co ámbito de protección sexan as traseiras das parcelas edificables.
  - Os accesos dos vehículos ás instalacións industriais, realizaranse sempre a través das partes dianteiras, quedando prohibidas as tipoloxías edificatorias que propoñan accesos secundarios a través das áreas da parcela en contacto co ámbito de protección do río.
  - As áreas no seu tratamento das edificacións industriais orientadas cara o río presentaranse como zonas de tráfico peatonal e compoñentes da paisaxe das ribeiras e marxes do río.



Este documento forma parte do expediente n.º  
 (- - 590 / 405 -)

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, - 3 JUL 1997

O SECRETARIO DE ALCALDIA,

Asíno: Edo. Javier García Martínez

## II.II.B. Espacio Residencial

### a. Conservación e mellora do medio natural

- Nos *Espacios Residenciais Directos* as zonas das parcelas entre as edificacións e a *Área de Protección* procederase ao seu arborado como mínimo nun 25% da súa superficie, sendo cando menos un 75% dos exemplares pertencentes ao listado do *Programa de Revexetación*.
- Nos *Espacios Residenciais Indirectos* as zonas das parcelas entre as edificacións e a *Área de Protección* procederase ao seu arborado como mínimo nun 50% da súa superficie, sendo cando menos un 75% dos exemplares pertencentes ao listado do *Programa de Revexetación*.

### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Respecto aos usos e actividades de carácter educativo e recreativo rexerán nos *Espacios Residenciais* as *Normas Xerais das Áreas de Amortecemento* nesta materia.

### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Nos *Espacios Residenciais*, os usos de carácter productivo primario non están sometidos a regulación nesta normativa.

### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Para os cerramentos das Parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do río, deberán acompañarse dunha pantalla vexetal, recomendándose o emprego de muros de fábrica de pedra de calquera clase, tratamento, textura ou aparello, prohibíndose o uso como vistos de materiais fabricados para ser revestidos. A súa altura non poderá sobrepassar 1,5 m de altura se son macizos ou 2 m se son permeables.
- Os alzados posteriores das edificacións existentes, así como as de nova construción, abriranse cara ao río con fachadas con concepto de alzado principal e non de traseiras, entendendo o río como un entorno de gran fragilidade no que haberá un especial interese na composición das mesmas, tanto formal como constructivamente, no uso dos materiais.
- Nas *Espacios Residenciais Indirectos* os instrumentos de Planeamento Secundario preverán ordenanzas que contemplan a fachada orientada cara ao río como unha fachada principal no seu tratamento conceptual e formal (ritmo de ocios, cores das fachadas e carpinterías, materiais, etc).

### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Neste espacio prohibense os usos de carácter industrial.

### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Os accesos dos vehículos ás edificacións, realizaranse sempre a través das fachadas dianteiras, quedando prohibidas as tipoloxías edificatorias que propoñan accesos secundarios a través das

- - 590 / 405 -


SECRETARÍA DE EFICIENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

áreas da parcela en contacto co ámbito de protección do río.

Nos *Espacios Residenciais Indirectos* os instrumentos de Planeamento Secundario contemplarán o establecemento dunhas ordenanzas que partan da base da necesidade da compatibilización do uso residencial que complementa á realidade funcional do río, establecendo:

- . A procura dunha liberalización de tensións no entorno do río na utilización dos sistemas viarios.
- . Uso dos Viais principais como delimitadores do ámbito de protección, ubicados como mínimo a 10 m da marxe do río.
- . Prohibición de creación de viais de acceso posterior ás edificacións cando os delimitadores co ámbito de protección sexan as traseiras das parcelas edificables.
- . Os accesos dos vehículos ás áreas residenciais, realizaranse sempre a través das partes dianteiras, quedando prohibidas as tipoloxías edificatorias que proponían accesos secundarios a través das áreas da parcela en contacto co ámbito de protección do río.



Este documento forma parte do expediente n.º


5-590/405

aprobada DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 3 de Julio de 1997

SECRETARÍA DE GOBERNACIÓN

Asda: Fco. Javier García Martínez



## II.II.C. Espacio Rural.

### a. Conservación e mellora do medio natural

- Respecto á conservación e mellora do medio natural rexerán no *Espacio Rural* as *Normas Xerais das Áreas de Amortecemento* nesta materia.

### b. Usos e actividades de carácter educativo e recreativo

- Respecto aos usos e actividades de carácter educativo e recreativo rexerá nos *Espacios Rurais* a normativa xeral das *Áreas de Amortecemento* nesta materia.

### c. Usos e actividades de carácter productivo primario

- Fomentaranse aquelas actividades e aproveitamentos agrícolas de carácter tradicional que se veñen realizando no ámbito do *Espacio Rural Agrario*.
- No *Espacio Rural Agrario* o uso de produtos fitosanitarios e adubos non orgánicos terá un carácter restrictivo.

### d. Usos e actividades de carácter urbanístico

- Respecto aos usos e actividades de carácter urbanístico rexerán as ordenanzas do PXOU, aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### e. Usos e actividades de carácter industrial

- Neste espacio prohibense os usos de carácter industrial.

### f. Usos e actividades de carácter infraestructural e de equipamentos

- Os cercados ou cerramentos das parcelas, en conexión directa coa *Área de Protección* do corredor natural serán vexetais ou ben cerramentos de pedra tradicionais. Nos límites entre as parcelas promoverase a creación de sebes das especies incluídas no Programa de Revexetación.
- Os canles de regos existentes, manteranse cos seus trazados e materiais actuais.
- As vivendas unifamiliares e edificacións anexas vinculadas ás explotacións agrarias e forestais existentes, e as que se constrúan e rehabiliten no ámbito do PRCNL, seguirán as Ordenanzas do PXOU e a Normativa das Áreas Residenciais.
- Os rúeiros, camiños e parcelarios existentes, como reflexo do Patrimonio cultural do mundo rural nas beiras do Lagares, manteranse no seu estado actual sen permitirse as reparcelacións e novos trazados viarios nas áreas delimitadas. Manteranse os pasais e pontellas de pedra ou madeira, construíndo as de nova necesidade dos mesmos materiais e estrutura dos existentes.
- Fomentarse no *Espacio Rural Forestal* a orientación cara ao establecemento de masas forestais de carácter protector. En concreto, non se recomentan as novas plantacións de eucaliptos e favoreceranse as repoboacións que se realizen con especies autóctonas,

Este documento forma parte do expediente n.º

6 - 590 / 405 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, - 3 JUL 1997

O SECRETARIO DE PRENSA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez



preferentemente procedentes do viveiro de especies a instalar para os traballos de mellora ambiental.

**CONCELLO DE VIGO**  
Aprobado inicialmente  
Plano nº 3.000/1.000



Este documento forma parte do expediente n.º

**6-590/405-**

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo,

- 3 - 1997

O SECRETARIO DE AERENCIA.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez